

Criterios de reparto do banco de libros da ANPA IES Carlos Casares

curso 2023/2024

Segundo o regulamento aprobado e publicado na páxina web

Para participar no proceso de reparto as familias deben ser socias da ANPA.

Este curso a Xunta concedeu a un grupo de estudantes de ESO 6 libros ou 4 libros en función da situación económica familiar.

Hai materias para os que a Xunta nunca concede libros (ex. Francés). De haber doazóns repartiranse entre as familias ata fin de existencias.

No caso de non haber libros suficientes para cumprir un criterio, adxudicaranse os libros a partir da letra F, elixida este ano por sorteo, ata fin de existencias.

Os criterios de prioridade son:

LIBROS DE MATERIAS CONCEDIDAS POLA XUNTA.

CRITERIO 1:

Completar ata 6 libros aos estudantes favorecidos pola Xunta con 4 libros.

Deste xeito todos os estudantes favorecidos pola Xunta reciben, polo menos, 6 libros.

CRITERIO 2:

Familias con irmáns recibirán 1 libro.

CRITERIO 3:

As familias doantes recibirán 1 libro, independentemente de ter recibido no apartado anterior.

CRITERIO 4:

Reiterarase o criterio 2 e 3 ata que se rematen os libros ou todas as familias con irmáns e doantes teñan 6 libros.

LIBROS DE MATERIAS NON CONCEDIDAS POLA XUNTA.

CRITERIO 5:

Familias favorecidas pola Xunta con 6 libros recibirán 1 libro.

CRITERIO 6:

Familias favorecidas pola Xunta con 4 libros recibirán 1 libro.

CRITERIO 7:

Familias con irmáns recibirán un libro.

CRITERIO 8:

As familias doantes recibirán 1 libro.

Reiteraranse os criterios do 5 ao 8 ata que se rematen os libros das diferentes materias.

LIBROS DE MATERIAS SOBANTES LOGO DE SEGUIR OS 8 CRITERIOS ANTERIORES.

CRITERIO 9:

Adxudicarase un libro a cada familia socia principiando pola letra F (elixida no sorteo).

Reiterarase o criterio 9 ata finalizar os libros do banco para o curso en reparto.